


Filipe Domínguez Avilés

GALEGOS E BASCOS NA SOCIEDADE BERTSOLARI TXIRRITA



Emon eta sabaleku
Denok ez gara galden

Ejiner

Todos somos gallegos

X. Mante

Poeta manfozgo beten orden
irempetean du:

komu ~~unbortik~~

Pa que sega a chover nos nosos corrons
Eria erin dagan que ~~iribotekun~~

91-5-12 Wig
Diz das letas Gallegas
letas Gallegas Eppan

Galizan sustriaiak,
Adarriak Euskadin,
elkartakun arbola
zabalteko

X. Steiner

Galizian
dago
nere
lagunen
portua
jozirik

DA, PRIMENAM,
ANAYU.

Ande tele

Hitz ordi bat zientat jaurti ualiko unte
eta kemengo jan
hiltzen ~~garen~~ arte
Milester

L. L. Otaola

Dende os seus comezos o FATO CULTURAL GALEGO DANIEL CASTELAO, sempre considerou dúas festas principais ao ano: As Letras Galegas en maio, e no mes de santos ou de difuntos a do Magosto. E cadrande con estas, mormente ca primeira, véñense desenrolando unha serie de falencias po-la entidade pasaitarra perante estes trinta anos longos de vida que leva percorridos. Rematado o relato, sempre cumpreu á persoa que vira, agasallar cunha cea na que poder coñecemos todos millor e que ata hai ben poucos anos víñase celebrando na SOCIEDADE BERTSOLARI TXIRRITA artellada po-los socios daquela RAMÓN GARCÍA MOSQUEIRA e ANTONIO PENA. E meirandemente por iste motivo da man da entidade con sé en Trintxerpe pasaron bascos coma o historiador Jose Luis Orella Unzue, o escritor Josu Landa ou a antropóloga sampedrotarra de orixe galego Rosa García – Orellán. E como non, galegos entre os que poido citar: Manoel Riveiro Loureiro -escritor-, Xosé Manoel Beiras e Pilar García Negro -políticos-; Miguel Anxo Fernán-Vello -poeta-, Filipe Senen -antropólogo i escritor-, Andrés Torres Queiruga -sacerdote e teólogo-, Roberto Vidal Bolaño -dramaturgo e actor-, e Francisco Rodríguez -político i escritor-.

A maiores moitos destes deixaron a súa pegada no libro da sociedade altzatarra, e alí están os poetas Uxio Novoneira a quen se lle veñen adicar as letras galegas 2010, enchendo unha folla el soo, e Manoel María que en tantas ocasións estivera connosco. E un boo feixe de bascos coma os escritores Koldo Izagirre, Iñigo Aranbarri, Ramón Etxezarreta, Edorta Ximenez; o etnógrafo Juan Garmendia Larrañaga, o poeta i editor Gorka Arrese; o tamén poeta J.L. Otamendi, e o escritor e músico Xabier Montoia. Amais de outra sinatura que non cheguei a saber de quen é. E como non, non podía faltar o historiador e presidente da sociedade galega o quirogués afincado en Oiartzun Xosé Estevez.

Tres follas non máis, cun anaco de historia compartida.

(Para saber máis: www.blogoteca.com/fatocastelao)

um fermano karrainga

zu etsepin baten orainari

um Erreanetak Galia de
skal Hema baten eta berru
ni nahi libake

Romana

O comer é o beber
está moi ben.

É o mellor que hai que facer.

Ameia.

Mzuel Mañá

iaidiñá e que canteu moitos cuco

8 mezu 1990.

lao de Pirene!

lira Euskadi! ¡Gora Galicia!



Ceando na sociedade con membros do FATO CULTURAL GALEGO DANIEL CASTELAO e o GRUPO DE GAITAS NOVAS FONTES: O poeta Miguel Anxo Fenán-Vello, os historiadores Xosé Estévez Rodríguez e José Luis Orella Unzue; e os escritores euskalduns Koldo Izagirre, Iosu Ianda e Iñigo Aranbarri. Non podía faltar o ferrolán afincado en Larratxo Montxo García co mandil, verdadeiro artífice destas xuntanzas.





A maiores de darnos a falencia, noutras ocasións quen viñera tomaba parte connosco noutros autos. Aquí no homenaxe a Castelao na rúa do seu nome no Povoado de Pescadores de Pasai San Pedro. De esquerda a dereita, o lembrado párroco da Asunción Manuel González González, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xosé Estevez Rodríguez. Dende o coche de pe, Iñigo Aranbarri e Koldo Izagirre.



Non sempre foi o motivo vir aos autos do FATO. Perante unha estadia en Donosti agasallouse cunha cea ao sacerdote Andrés Torres Queiruga, á que asiste tamén a antropóloga Rosa García-Orellán, ambos dous a carón de Montxo García, como non podía ser de outro modo co avantal.



Nin tampouco ser un persoeiro nalgun eido da cultura. O amigo Xosé Manuel Mariño Ventoso do Porto do Son escoita a peza que lle adican Manuel Villar González e Antonio García Corral de NOVAS FONTES, gaiteiros cos que compartimos moitas xornadas.



“Despois do pasamento do meu pai, nunca sufríu o meu corazón unha fenda máis espiñenta, o auténtico cravo rosaliano da dór.” Deste xeito Xosé Estévez no limiar do libro “MANUEL MARÍA ANTOLOXÍA HOMENAXE” saído do prelo no ano 2005 da man do FATO CULTURAL GALEGO DANIEL CASTELAO e da CASA DE GALICIA EN GIPUZKOA espricou o que lle veu supor a perda de tal amigo. Non é de estranar que cando viña Manuel María (e tivemos-la sorte de contar con el en varias ocasións) non somentes nos acompañara nas diversas actividades que se viñeran en realizar, senon que tomaba parte nelas. Na foto leendo un poema no Homenaxe aos homes do mar que se ven realizar cada ano na Torre de Pasai San Pedro, entre a atenta ollada do gaiteiro Manuel Villar e Xosé Estévez que lle suxeita o micrófono.